

**ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA
PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS POR
SUBSTITUCIÓN DA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL**

PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

En San Sadurniño, a doce de febreiro de dous mil dezanove, sendo as nove horas, reúñense novamente na Casa da Xuventude do Concello, baixo a presidencia do traballador social do Concello de Cerdido, Diego Rodríguez Piñón, designado pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a elaboración dunha lista para a selección de persoal funcionario interino para posibles nomeamentos por substitución da praza de traballador/a social, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidente: Diego Rodríguez Piñón.

Vogais: María América Uceira Criado (Concello de A Capela), María de la O Fresco Torrente (SERGAS) e Cristina María Rodríguez Arroyo (Concello de Moeche).

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de San Sadurniño.

O Presidente declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédese á supervisión e comprobación do exercicio proposto, confeccionado con preguntas redactadas polos membros do Tribunal. Respecto deste exercicio, as Bases da convocatoria indican o seguinte:

"1º exercicio, de carácter eliminatorio (30 puntos): consistirá na contestación dun cuestionario de 50 preguntas con 3 respuestas alternativas sobre os temas do Anexo I, nun tempo máximo total dunha hora. A puntuación será de 0 a 30 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 15 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,60 puntos e cada pregunta contestada erroneamente será penalizado co cuarto do valor asignado á contestación correcta, isto é, 0,15 puntos. As preguntas non contestadas non terán valoración ningunha."

Sendo as nove horas e trinta minutos, comprobada a identidade das persoas presentadas para a realización do primeiro exercicio, iníciase a súa realización.

Ás dez horas e corenta e cinco minutos, finalizados os exercicios, realizaña na Casa do Concello a valoración dos mesmos polo Tribunal, resultando a puntuación para cada unha das persoas aspirantes que se indica na seguinte táboa:

Nome e apelidos	Puntuación 1º exercicio
NORMA SANTIAGO PEREIRA	14,70 Non apta
LORENA BOUZA PIÑÓN	22,20 Apta
TANIA MOURE EIRIZ	22,05 Apta
DAVID SAAVEDRA PINO	18,45 Apto
NURIA FILGUEIRAS LOPEZ	14,85 Non apta
MARIA JESÚS PRIETO CASTRO	10,80 Non apta
RAQUEL GARCIA ALVAREZ	17,25 Apta
LAURA TOJO FERNANDEZ	13,35 Non apta
CARLA BECEIRO LOURIDO	Non presentada





PAULA FERNANDEZ DOPAZO	Non presentada
ARACELI COLLADO DIAZ	14,40 Non apta
MARIA DEL CARMEN CARRICAJO ALAVES	Non presentada
NOELA NEBRIL RODRIGUEZ	Non presentada
IRIA GONZALEZ FAFIAN	17,85 Apta
ROCIO RODRIGUEZ ROCA	9,75 Non apta
DIANA NAVIERA OTERO	Non presentada
BEGOÑA MARTINEZ FERNANDEZ	22,20 Apta
MONICA CANEDO JANEIRO	19,95 Apta
MARIA JOSE OTERO VAAMONDE	Non presentada
VIOLETA VAZQUEZ BARREIRO	19,05 Apta
AURORA PADIN TUIMIL	Non presentada
MARIA ANGELES CASTRO CASTRO	Non presentada
M ^a VICTORIA LOPEZ PERNAS	22,95 Apta

Rematada a asignación de puntuacións do primeiro exercicio, o Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria, con data de hoxe. O Tribunal, ante as solicitudes formuladas por varias persoas aspirantes, acorda que tamén se publicará o exercicio completo, con indicación das respostas correctas.

O prazo de alegacións contra as puntuacións asignadas ó primeiro exercicio, de tres días de duración, rematará o día quince de febreiro próximo. O Tribunal indica que das alegacións que se presenten en relación con esta proba deberá remitirse copia mediante correo electrónico antes da finalización do prazo de presentación ó endereço do Secretario do Tribunal: miguel.arroyo@sansadurnino.gal. A totalidade das alegacións presentadas dentro do presente proceso selectivo serán resoltas polo Tribunal tras a celebración do segundo exercicio da fase de oposición.

O segundo exercicio da fase de oposición do presente proceso selectivo, para as persoas que superaron esta primeira proba, terá lugar o vindeiro martes, día 19 de febreiro, ás 09:30 horas, na Casa da Xuventude do Concello, sita en Av. Marqués de Figueroa, nº 5.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, dispoñendo o Presidente do Tribunal que se redacte a presente acta, que asinan os seus membros, do que como Secretario certifico.

O PRESIDENTE,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO



Ana Paula Viegas

